



<b>Expediente: 247/2022</b> <b>Asunto: notificación resolución</b>	Xunta Electoral Federación Galega de Xadrez
---	---

Notifícase a resolución acordada polo Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva na súa sesión do 19 de decembro de 2022.

Santiago de Compostela,  
A xefa de sección de Rexistro e Apoio Técnico Entidades  
(asinado dixitalmente)  
M<sup>a</sup> del Mar Quintela Rivadulla

Asinado por: QUINTELA RIVADULLA, MARIA DEL MAR  
Cargo: Xefa de sección do Rexistro e Apoio Técnico as  
Entidades  
Data e hora: 20/12/2022 14:35:00

CVE: n4IWdZzCnZ6  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA  
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES  
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela

<b>FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL</b>
ENTRADA n.º 281
SAIDA n.º
DATA: 21/12/2022





Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 19 de decembro de 2022 adopta o seguinte acordo, que resolve o expediente 247-22.

### **Expediente electoral 247/2022**

O 25.11.2022, Don Arian González Pérez presenta a través da Xunta electoral da federación galega de xadrez, con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 25.11.2022 e núm. 372, recurso electoral contra a resolución da Xunta Electoral da Federación galega de Xadrez do 15/11/2022, notificada o 16/11/2022.

### **Alegacións:**

1. A publicidade que a de prover sobre a comisión Xestora e as modificacións e esencial no cumprimento do principio de transparencia do proceso electoral.
2. Vulneráronse as regras de proporcionalidade dos membros da comisión xestora e de representatividade aos distintos estamentos que se han de personalizar por os integrantes da Comisión Delegada, sendo todas as persoas actuais, membros da Xunta Directiva da FEGAXA, sen ningún tipo de suplente, en clara violación do artigo 4.2.a) do Regulamento Electoral.
3. Descoñeceuse a actual presidenta da Comisión Xestora, pois non se a publicado nas actas de dito órgano.
4. actualmente existen membros da Comisión Xestora que tamén o son da próxima asemblea xeral 2022-2026, en representación do estamento de entidades deportivas.
5. Os dous candidatos denunciados solicitaron todos os avales mentres ocupaban os seus cargos na Xestora, incidindo na libre vontade dos votantes, e violando por tanto, o deber de neutralidade no proceso electoral.
6. O Sr. Corredera como presidente da Xunta Electoral actuou negligentemente e permitindo toda esta actuación ilícita que indica amén un fraude de leli do artigo 6.4 do CC.
7. Consta mediante proba testificar haber percibido as papeletas cubertas e o sobre selado nas votacións a asemblea xeral, de ahí que se pida audiencia aos asembleístas os tres candidatos a presidente.
8. O Sr. José Javier Famdoño Núñez, incorre en incompatibilidade ao ocupar o cargo de voxal da Xunta Electora e ao mesmo tempo ostentar o cargo de Xuíz único do comité de competición, infrinxindo o artigo 5.3.c) do regulamento electoral, do que se deduce que unha actuación que fai presumir a comisión de fraude electoral dentro da FEGAXA.

### **Solicita:**

- Que se anule e se teña por presentada denuncia contra o Sr. Gaspar Pérez Carnero, como candidato a presidente da FEGAXA e presidente da comisión xestora, contra o Sr. Ángel Francisco Vilas Fernández como vicepresidente de la FEGAXA e membro da Comisión Xestora, contra o Sr. Jesús Rodríguez Pérez, como candidato a presidente da FEGAXA e vocal

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA  
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES  
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela



da comisión xestora e contra o Sr. Mateo Alonso Corredera como presidente da Xunta Electoral, que se admita a trámite con os seus documentos adxuntos e que a través do procedemento legal e administrativo que corresponda se acorde:

1. Anular a acta da Xunta Electoral do 08/11/2022.
  2. Suprimir as candidaturas de Sr. Gaspar Pérez Carnero e de Jesús Rodríguez Pérez por non cumprir os requisitos legais de postulación a ocupar os respectivos cargos de presidente e vocal da Comisión Xestora.
  3. Que se incoe, se tramite e se resolva expediente disciplinario contra as 4 persoas aquí denunciadas por haber vulnerado os principios de obxectividade, transparencia e igualdade do proceso electoral da FEGAXA 2022.
- Que se de audiencia aos interesados que son todos os asembleístas mediante correo electrónico, así como so 3 candidatos a presidente.
  - Que se aporte a este procedemento de denuncia os presuntos avales que apoiaron as candidaturas do Sr. Gaspar e de Jesús Rodríguez coa a súa fecha e firma. E que se aporten ambos documentos adxuntos en pdf aos correos electrónicos do 04/11/2022, onde supostamente renunciaron ou dimitiron do seu cargo da Comisión Xestora.
  - Que se ratifiquen e disocien os datos personales da web da FEGAXA e que se expuxeron inxustificadamente en perxurio do denunciante.

É relator don Domingo Bello Janeiro.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

##### **PRIMEIRO. - Competencia e procedemento.**

O artigo 87 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla entre as materias as que se estende a xurisdición deportiva todas aquelas cuestións que se poidan suscitar no denominado ámbito electoral.

O artigo 88 da mesma norma establece que no ámbito electoral a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas, quedando exceptuados do indicado ámbito os actos de aprobación do regulamento electoral, os cales teñen o seu propio réxime de recursos ante a administración autonómica.

Asemade, o exercicio da xurisdición deportiva no ámbito electoral corresponde ás xuntas electorais das federacións deportivas e ao Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade con sinalado na Lei do Deporte de Galicia, nos seus regulamentos de desenvolvemento e nos estatutos e regulamentos federativos.

No que se refire a este Comité, o artigo 93 da Lei do deporte de Galicia dispón que lle corresponde o control das decisións ditadas nos procesos electorais polos órganos





competentes das federacións deportivas de Galicia, incluída a súa convocatoria, tramitándose este polo procedemento que regulamentariamente se determine.

O Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, adica o seu Capítulo V a regulación do proceso electoral.

O devandito decreto, cando regula os recursos que caben fronte as resolucións que se adopten ao longo dun proceso electoral, dispón no seu artigo 51.5 que o Comité coñecerá, en última instancia administrativa, dos recursos que se interpoñan contra o acordo de convocatoria das eleccións, o calendario electoral, a composición da xunta electoral, o censo electoral provisional e definitivo, as resolucións das comisións xestoras e xuntas electorais e restantes cuestións previstas no decreto.

Pola súa banda, o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, regula o procedemento en materia electoral federativa nos seus artigos 55 e seguintes. De conformidade con artigo 55.3, están excluídos do ámbito de procedemento en materia electoral a impugnación das convocatorias de eleccións e dos regulamentos electorais, os cales se tramitarán polo procedemento ordinario. Contemplándose una previsión idéntica no artigo 30 do devandito decreto cando regula o procedemento ordinario.

En consecuencia, de conformidade co anterior, este Comité considera que a alegación da falta de competencia de este Comité debe ser desbotada.

#### **SEGUNDO. – Lexitimación.**

O recorrente ostenta lexitimación activa para a interposición do presente recurso tendo en conta que os seus dereitos intereses lexítimos se ven afectados polos acordos recorridos.

#### **TERCEIRO. – Temporalidade do recurso.**

O prazo para a interposición do presente recurso é de tres días contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, no seu caso, desde o momento no que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada, tal e como dispón o artigo 56 do Decreto 120/2013. No presente caso, o recurso debe entenderse interposto en prazo.

#### **CUARTO. – Obxecto e pretensión do recurso.**

O obxecto do recurso é a resolución da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez de 15 de novembro de 2022 na que desestimase a denuncia presentada polo aquí recorrente, d. Arian González Pérez, na que non anulase o acta da Xunta Electoral de 8 de novembro pola existencia dun acta rectificativa de 9 de novembro e na que non anulase as candidaturas de d. Gaspar Pérez Carnero e d. Jesús Rodríguez Pérez así como acordáse non tramitar expediente disciplinario contra as catro persoas denunciadas por vulnerar os principios de obxectividade, transparencia e igualdade no proceso electoral, tralo que negase a facilitación dos avais con fundamento na Ley de Protección de Datos Personais.

#### **QUINTO. – Consideracións de este Comité.**

De cara a resolver este expediente, este Comité conclúe efectivamente que a normativa de protección de datos personais en atención ao artigo da 5.1 da Lei Orgánica 03/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, non fai posible facilitar os avais en cuestión, e que foron comprobados efectivamente pola Xunta Electoral, presentando en tempo e forma os candidatos D. Gaspar Pérez Carnero e D. Jesús Rodríguez Pérez a súa renuncia ao cargo da Comisión Xestora así como a súa candidatura o que tamén fixo o terceiro candidato D. José Carlos Pena Torres según queda reflectido na rectificación da Acta da Xunta Electoral do día 8 de novembro de 2022 que tivo lugar na reunión do día 9





de novembro trala recepción de cartas certificadas de este último candidato que foi afectado.

No que atinxe ao Presidente da Xunta Electoral efectivamente cumpre os requisitos do artigo 5, punto 3 do Regulamento Electoral sen que poda apreciarse posible conflito de intereses por ser Presidente Electo da Federación Galega de Billar e sen que exista constancia de que os electores que participaron nas votacións tiveran recibido papeletas cubertas ou que votasen cun modelo distinto do facilitado pola Xunta Electoral

En virtude do exposto,

**O PLENO DO COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA**, por unanimidade, **ACORDA** desestimar o recurso formulado por d. Arian González Pérez contra a resolución da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez de 8 de novembro de 2022 que xa foi rectificadada o día 9 de novembro de 2022, manténdose as candidaturas dos sres. Gaspar Pérez Carnero e Jesús Rodríguez Pérez por cumprir os requisitos e sen que se tramite expediente disciplinario contra as 4 persoas denunciadas nen teña que darse audiencia, xa que l ogo, a tódolos assembleístas.

## RECURSOS

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

## CERTIFICA

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

